

Banner da portada

Inicio&gt;Temas empresariais&gt;A Peme



## A Peme

### ■ Que é unha PEME?

A *Comisión Europea* adoptou o pasado 6 de maio de 2003, unha *Recomendación sobre a definición de PEME* (vixente dende o 1 de xaneiro de 2005). O texto define os tipos de empresa (autónoma, asociada e vinculada) e fixa un método transparente para calcular os límites financeiros e de número de empregados.

Segundo a citada Recomendación, unha empresa é toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, considéranse empresas as organizacións que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan una actividade económica de forma regular e que reúna os seguintes requisitos:

Categoría de empresa	Efectivos	Volumen de negocio	Balance xeral
Mediana	<250	<=50 millóns	<= 43 millóns
Pequena	<50	<=10 millóns	<=10 millóns
Microempresa	<10	<=2 millóns	<=2 millóns

Calquera proxecto de empresa desenvólvese a partir dunha idea, que xorde como consecuencia dunha oportunidade de negocio.

En GaliciaPMS ofrecémosche algunhas das ligazóns máis relevantes para madurar a túa idea e poñer en marcha o teu proxecto, onde se expón toda a información necesaria e ferramentas axeitadas para sentar as bases da túa empresa:

#### ■ Centro de empresas e innovación.

O Centro de Empresas e Innovación (CEI) é unha iniciativa do Concello de Lugo para a promoción económica da cidade e un apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

#### ■ Centro europeo de empresas e innovación de Galicia

Este organismo ofrece un mecanismo activo e permanente de detección e selección de proxectos emprendedores, para poder ofrecer unha gama completa de servizos para a creación e a diversificación empresarial.

#### ■ Dirección xeral de política da pequena e mediana empresa.

Este organismo fomenta o espírito emprendedor a través dunhas ferramentas e uns servizos que dotan ao futuro empresario da información necesaria para coñecer as opcións existentes e elixir a que mellor se adapte as súas necesidades para facilitar o éxito do proxecto.

#### ■ CIRCE

Inclúe todos os pasos necesarios para realizar a constitución telemática dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada (S.R.L.) ou dunha Sociedade Limitada Nova Empresa (S.L.N.E). Tamén oferta a posibilidade de ir persoalmente a un Punto de Asesoramento e Inicio da Tramitación (PAIT) para realizar estes trámites.

### ■ Información estatística

Na rede hoxe en día existen infinidade de publicacións, informes e estudos de carácter sectorial difundidos por diferentes organismos, corporacións, asociacións, etc. de carácter empresarial ou institucional que nos ofrecen cantidade de información sobre evolución e perspectivas do sector no que se desenvolve a nosa peme.

De todos os xeitos, en GaliciaPMS presentámosche as dúas fontes estatísticas oficiais por excelencia que se encargan da recompilación e difusión da documentación estatística dispoñible e desenvolvemento de bases de datos de interese público.

Moita desta información pode ser aproveitada polas pemes para a elaboración de informes e estudos sectoriais.

#### ■ Dirce (Directorio central de empresas)

O Directorio Central de Empresas (DIRCE) reúne nun sistema de información único, a todas as empresas españolas e a súas unidades locais situadas no territorio nacional. O seu obxectivo básico é facer posible a realización de enquisas económicas por mostraxe.

#### ■ Confederación española da pequena e mediana empresa

CEPYME ten como obxectivos a atención ás necesidades de información, asesoramento, asistencia técnica, investigación e perfeccionamento das organizacións, empresas e empresarios afiliados, estudando e divulgando cantos temas podan afectar á potenciación da pequena e mediana empresa.

#### ■ Instituto Galego de Estatística

Trátase do sitio web con información estatística máis precisa de Galicia

#### ■ Instituto Nacional de Estadística

Recole a información estatística a nivel do estado español

#### ■ Eurostat

Esta web recolle moita información estatística a nivel europeo. Trátase dun portal creado pola Unión Europea

As Pemes desempeñan un papel central na economía europea. Son unha fonte esencial de capacidades empresariais, innovación e emprego que equivalen ó 99% de tódalas empresas da UE. A consecuencia disto, as institucións europeas prestan unha especial atención á protección e potenciación das Pemes. Podemos obter máis información neste aspecto en:

[http://ec.europa.eu/enterprise/sme/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/enterprise/sme/index_es.htm)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA E INDUSTRIA

© 2008. Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Industria.

Fundación para o Fom. da Calidade Ind. e o Desenvolvemento Tecn.

Axuda · Mapa web · Privacidade · Aviso legal · Accesibilidade · Contacto



Fundación para o Fomento  
da Calidade Industrial e  
o Desenvolvemento  
Tecnolóxico de Galicia